



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Renda e Exaccións

*Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras*

##### ANUNCIO

#### APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 4: REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (I.C.I.O.)

O Pleno da Corporación, en sesión do 30 de outubro de 2025, adoptou, entre outros, o acordo seguinte: Aprobar, con carácter provisional, a modificación da ordenanza fiscal nº 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Procede a exposición pública por un prazo de trinta días, mediante inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no diario “La Voz de Galicia”, así como no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica do concello de Arteixo. O prazo citado comezará a contar a partir da derradeira das publicacións realizadas.

Durante este período, tódolos interesados poderán examinar o expediente e presentar, no seu caso, as reclamacións que consideren oportunas.

Rematada a exposición pública, a Corporación resolverá as reclamacións que foran presentadas. Se tales reclamacións non se tiveran producido, o texto até entón provisional, entenderase definitivamente aprobado, procedéndose á publicación do texto integro da ordenanza citada.

Arteixo a 3 de novembro de 2025

Asina dixitalmente na data do documento electrónico: Emilio Maceiras López

(CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA).

2025/7227